

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

ORDE do 16 de maio de 2023 pola que se modifica a dotación orzamentaria da Orde do 23 de novembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a creación de superficies forestais, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2023 (código de procedemento MR670B).

O día 7 de decembro de 2022, a Consellería do Medio Rural publicou a Orde do 23 de novembro pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a creación de superficies forestais, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2023 (código de procedemento MR670B).

No seu artigo 25 precísanse as aplicacións orzamentarias e o importe económico previsto para o financiamento das ditas axudas e sinálase que a consellería competente no medio rural poderá aumentar o orzamento dispoñible para o financiamento desta orde.

A dotación orzamentaria desta orde na aplicación 14.03.713B.770.0 é a seguinte:

a) No código de proxecto 14.03.713B.770.0.2016 00207 por un importe de 950.000,00 € (95.000,00 € no ano 2023, e 855.000,00 € no ano 2024). Este crédito destinarase ás axudas solicitadas por todo tipo de beneficiarios previstos nesta orde, excepto entidades locais.

A dotación asignada no código de proxecto 14.03.713B.770.0.2016 00207 é insuficiente tendo en conta o importe das solicitudes recibidas, polo que cómpre, mediante esta orde, ampliar a dotación orzamentaria das anualidades 2023 e 2024 para a concesión das mencionadas axudas.

Por todo o anterior, procede ampliar a dotación orzamentaria asignada con cargo ás dispoñibilidades orzamentarias existentes na aplicación 14.03.713B.770.0 por importe de 2.000.000,00 euros, nas seguintes anualidades:

- Ano 2023: 200.000,00 euros.
- Ano 2024: 1.800.000,00 euros.



En consecuencia, de conformidade co previsto no artigo 30.1.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e no uso das facultades que me confire a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de acordo co disposto na Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e demais normativa concorrente,

DISPOÑO:

Artigo 1. Modificación da alínea a) do artigo 25.1 da Orde do 23 de novembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a creación de superficies forestais, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2023 (código de procedemento MR670B)

A alínea a) do punto 1, do artigo 25 queda como segue:

«a) Código de proxecto 14.03.713B.770.0.2016 00207 por un importe de 2.950.000,00 € (295.000,00 € no ano 2023, e 2.655.000,00 € no ano 2024). Este crédito destinarase ás axudas solicitadas por todo tipo de beneficiarios previstos nesta orde, excepto entidades locais.

Resérvanse 260.000,00 € para solicitudes que se vaian forestar nos terreos cuxa superficie se atope ocupada na súa totalidade por eucalipto (*Eucalyptus sp.*) con diámetro normal medio inferior a 10 cm, por acacia negra (*Acacia melanoxylon*), mimosa (*Acacia dealbata*) e/ou falsa acacia (*Robinia pseudoacacia*), por masas mixtas de coníferas, frondosas e matogueira, con diámetro normal medio conxunto inferior aos 10 cm, nos cales a superficie ocupada pola especie dominante non supere o 60 % da superficie total ou superficies que, conforme as alíneas c), d), e), g), h), i) e j) do anexo II da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, poden plantarse con frondosas do anexo I da Lei 7/2012. No caso de que os ditos expedientes non cubran o dito importe, o remanente dedicárase ao resto de solicitudes».

Artigo 2. Ausencia de efectos sobre o prazo de solicitudes

A modificación prevista no artigo 1 desta orde non afecta o prazo de presentación de solicitudes.



Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2023

José González Vázquez
Conselleiro do Medio Rural

CVE-DOG: cok8wi59-02b8-z0u5-gsw8-1lc4b13wcjb2

